

## UGT-GALICIA CONSTITÚE EN SANTIAGO O VINDEIRO MARTES A SÚA ÁREA DA MULLER

**Redacción.-** UGT-Galicia vai constituír o vindeiro día 26 en Santiago a súa Área da Muller nun acto no que participarán preto de 100 persoas e no que intervirán a vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas; a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos; a secretaria xeral da federación galega de Servizos Públicos, Irene Martínez; e a secretaria xeral de UGT-Compostela-Barbanza, Marisa Rodríguez.

Esta área converteráse nun punto de encontro, traballo e debate do Sindicato para analizar, estudar e elaborar propostas ao redor das políticas de igualdade. En definitiva, preténdese fomentar a participación de todas as persoas que forman parte do Sindicato, así como da sociedade en xeral, nos traballos necesarios para alcanzar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.



**UGT CONSIDERA QUE, COAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO ÁS PORTAS, É O MOMENTO DE TRABALLAR NAS POLÍTICAS QUE AFECTAN ÁS PERSOAS: UNHA POLÍTICA INDUSTRIAL VERDE QUE XERE EMPREGO, POLÍTICAS EN MATERIA DE VIVENDA E POLÍTICAS DE IGUALDADE**

## UGT PARTICIPA NO ENCONTRO INTERNACIONAL “O FUTURO DO TRABALLO E O DIÁLOGO SOCIAL” QUE SE CELEBRA EN SANTIAGO NO MARCO DA PRESIDENCIA ESPAÑOLA DA UE

*Na súa intervención, Pepe Álvarez avogou porque se mantéña a aposta polas políticas sociais europeas destes últimos tempos pero pon enriba da mesa á UE deberes para seguir traballando en materia de igualdade, salario mínimo ou pensións, acompañado todo dunha política económica que garanta o piar social europeo*

**Redacción.-** UGT está a participar no encontro internacional “O futuro do traballo e o diálogo social”, unha cita organizada en Santiago no marco da Presidencia española da UE, na que ao longo deste xoves e no día de hoxe o Goberno de España, xunto cos seus homólogos europeos e os interlocutores sociais do continente abordan os desafíos que afronta o mundo laboral e o seu encaixe na futura axenda social da UE.

Este xoves o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, interviu na reunión tripartita “Cara unha nova axenda social europea dende o diálogo social”. Neste foro destacou a forza do diálogo social como ese elemento que permite a participación permanente da sociedade na gobernanza do país ou a concertación no caso das relacións entre os axentes económicos e sociais, máis aló das citas electorais cada catro anos. Neste senso, insistiu en que a UE ten un camiño longo por percorrer para darlle aos sindicatos europeos máis espazo de diálogo e concertación coa propia Comisión.

Tamén reflexionou sobre a próxima cita electoral da UE, dentro de nove meses vaise renovar o Parlamento e é o momento de pensar nas políticas que afectan directamente ás persoas para que a cidadanía vote porque sinte como propias as políticas que se van adoptar no Parlamento europeo. Neste senso, considera que hai que apostar pola política industrial verde que xere empregos de calidade e desatascar as políticas de vivenda e igualdade.

Tamén recoñeceu que hoxe chégase a esta reunión despois de que a UE teña desenvolvido máis nos últimos anos as políticas sociais, sobre todo, despois da crise da COVID e pola flexibilidade da propia gobernanza do Executivo da UE que está a favorecer o desenvolvemento do piar social europeo fronte ás políticas de austeridade



do pasado que só trouxeron dor e fracaso. Aposta por seguir traballando nesta liña, non volver ás políticas de austeridade e seguir traballando en materia de igualdade, salario mínimo ou sistema de pensións e facer todo isto cunha política económica que o sustente.

Ao longo do día de hoxe unha delegación de UGT-Galicia manterá unha xuntanza co comisario europeo de Emprego e Dereitos Sociais, Nicolas Schmit.

## UGT XUSTIZA DENUNCIA QUE O REXISTRO CIVIL DE SANTIAGO ATÓPASE AO LÍMITE DO COLAPSO POLA FALTA DE PERSOAL

**Redacción.-** UGT Xustiza denuncia a situación que está a atravesar o Rexistro Civil de Santiago, ao límite do colapso polas carencias en materia de persoal. Así, a Dirección xeral de Xustiza suprime o único reforzo que foi nomeado no mes de xullo e discrimina ao Rexistro Civil de Santiago respecto aos do resto de Galicia de similares características sociais e poboacionais, colocándoo ao bordo do afundimento.

O Rexistro Civil de Santiago conta unicamente con cinco funcionarios para atender a un partido xudicial de 158.385 habitantes. Tras a posta en marcha este verán da nova aplicación informática do Rexistro Civil DICIREG, o traballo aumentou considerablemente debido a que tamén segue en funcionamento a anterior aplicación (IN-FOREG), o que supón en moitos casos trámites máis confusos e unha continua transferencia de datos dunha aplicación á outra.

En comparación con outros Rexistros Cívís de parecidas características sociais e poboacionais, o de Santiago de Compostela é o que soporta maiores cargas de traballo co mesmo número ou menos funcionarios. Así, por exemplo, o Rexistro Civil de Ourense ten 6 funcionarios para un partido xudicial de 158.184 habitantes. É dicir, un funcionario máis cos mesmos habitantes. O Rexistro Civil de Pontevedra ten os mesmos funcionarios que o de Santiago pero o partido xudicial ao que atende é considerablemente máis pequeno, xa que conta con 113.875 habitantes (case 45.000 menos que Santiago). O mesmo ocorre con Lugo que tamén ten 5 funcionarios e un partido xudicial de 124.672 habitantes



(34.000 menos que Santiago).

Ademais, o Rexistro Civil de Santiago de Compostela soporta unha carga de traballo maior debido a que a súa área sanitaria abarca cidades e pobos das catro provincias (en 2022 inscribíronse 3.000 defuncións), o que non ocorre en ningún outro Rexistro Civil de Galicia.

Como consecuencia da saturación de traballo, as citas para obter a nacionalidade e as citas para a celebración de matrimonios sofren atrasos de varios meses, así como as certificacións pola lei de memoria e os trámites de incapacidades e tutelas, polo que moitos usuarios chaman desesperados ao Rexistro por causa do atraso e acaban acudindo ao notario e pagando para realizar os actos.

A pesar de que algúns dos funcionarios do Rexistro Civil de Santiago non chegaron

a pedir vacacións e que van traballar fóra das quendas do seu horario laboral para aliviar o atraso, e que, de forma excepcional, o servizo común de apoio dos xulgados cedeulles un funcionario para que lles axude, é imposible que co actual persoal poidase sacar adiante a carga de traballo que este Rexistro soporta. Ante todo isto, a Dirección xeral de Xustiza fai oídos xordos e volve discriminar a Santiago na prestación dun servizo público esencial para a cidadanía, retirándolle o único reforzo que tiña e que durou tres meses.

UGT-Xustiza esixiu e esixe o mesmo trato para todos os partidos xudiciais e no caso de Santiago de Compostela é urxente terminar coa discriminación que sofre, polo que urxe proceder inmediatamente ao aumento do persoal se non se quere que o servizo público do Rexistro Civil esborrállese neste partido xudicial.

## FOLGA EN TELEPERFORMANCE E MOBILIZACIÓN NA CORUÑA ANTE O ANUNCIO DO DESPEDIMENTO DE 38 PERSOAS DO CENTRO HERCULINO

**Redacción.-** As traballadoras e traballadores de Teleperformance mobilizáronse o pasado luns fronte á sede de Vodafone, na Coruña, coincidindo coa xornada de folga de 24 horas, en defensa dos postos de traballo.

Lembrar que Teleperformance pretende despedir a 310 traballadores e traballadoras, 38 no centro da Coruña que xa ven sufrindo unha merma de persoal moi significativa nos últimos anos.

Precisamente, dende FeSMC UGT denúnciase que a empresa propón máis de 300 despedimentos en toda



España ao mesmo tempo que se coñece que está a duplicar os seus beneficios nos últimos anos. Entón, o Sindicato pregúntase se pretende ampliar aínda máis a marxe de beneficios em-

presariais a costa de postos de traballo. Nas reunións mantidas ata o de agora coa empresa as propostas por parte da mesma para encauzar o conflito están a ser nulas.

## RETÓMANSE AS MOBILIZACIÓNS EN DEFENSA DOS POSTOS DE TRABALLO NO AVELINO MONTERO EN PONTEVEDRA

**Redacción.-** Xa que a Consellería de Política Social e Xuventude segue a manter a proposta de modificación da relación de postos de traballo no Avelino Montero en Pontevedra, os traballadores e traballadoras do centro de menores decidiron retomar as mobilizacións en defensa dos seus postos de traballo e para dicir non á privatización.

Dende o comezo das mobilizacións os traballadores e traballadoras do centro non recibiron ningún tipo de resposta por parte da Xunta que está a actuar en contra dos criterios dos colexios profesionais e, incluso, dos datos das memorias anuais das propias fiscalías, da de Pontevedra e da de Galicia.

Os traballadores e traballadoras



do centro tamén denuncian a paralización das obras que se estaban a acometer no mesmo, sendo un indicador máis da deixadez coa que está a tratar a Consellería a este centro.

A creación de equipos na xefa-

tura de Vigo non pode ser a excusa para dismantelar o centro de Pontevedra. A Consellería ten cauces orzamentarios suficientes para facer o reforzo de Vigo sen que isto teña que supoñer o dismantelamento de Pontevedra.

## A SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DA CORUÑA MOBILÍZASE POR UN CONVENIO DIGNO

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras da sanidade privada da provincia da Coruña abriron un calendario de mobilizacións para demandar un convenio digno para o sector.

Este mércores tivo lugar a primeira mobilización, unha concentración fronte ao Hospital Quirón na Coruña. O día 27 a concentración será fronte a La Rosaleda, en Santiago; o día 4 de outubro, no Cardona de Ferrol; e o 11 no Modelo na Coruña.

As negociacións do convenio remóntanse a decembro de 2022 cando UGT, xunto con CIG e CCOO, propuxeron unha redución do total de horas a 1.720; que non se tocasse o 5% do salario base nos trienios; que non se tocasse o cobro do 100% no caso de baixa; e que os domingos



se pagasen con 30 euros; así como a necesidade de actualizar as táboas salariais.

Pola súa banda, a patronal négase a baixar das 1.792 horas anuais; en canto aos trienios, limitábase a unha cantidade fixa; pretende reducir o cobro nos tres

primeiros días das baixas; e négase a pagar os domingos.

Ante esta situación de bloqueo, os traballadores e traballadoras arrancan cun calendario de mobilizacións en demanda dun convenio digno.

## PERSOAL DE URXENCIAS DO ÁLVARO CUNQUEIRO EVITA O INTENTO DE SUICIDIO DUNHA PACIENTE

**Redacción.-** Dous vixiantes de seguridade e un celador do servizo de urxencias do Álvaro Cunqueiro evitaron o intento de suicidio dunha doente que saíu deste servizo claramente alterada cara o viaducto da autoestrada que se atopa a poucos metros do centro. Inmediatamente, o persoal de se-

guridade, xunto co celador, foron tras ela e conseguiron reducila e evitar así males maiores.

### Recoñecer a profesionalidade

Dende FeSMC-UGT-Vigo recoñé-

cese o traballo destes profesionais que día a día teñen que enfrontarse a situacións especialmente difíciles nos centros sanitarios e que están a demostrar a súa profesionalidade e preparación á hora de xestionar situacións especialmente complexas como a acontecida o pasado domingo en Vigo.

## OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO NAVAL DE VIGO DIN “NON” A MÁIS MORTES

*Unha nova morte no sector provoca a convocatoria dun paro, unha manifestación e se lle esixe á Xunta a convocatoria urxente da mesa do naval para analizar a sinistralidade no sector*

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras do naval de Vigo protagonizaron este xoves unha xornada de paro e unha manifestación polas rúas de Vigo, dende Armón ata a Inspección de Traballo, para berrar que xa non máis mortes no traballo, despois de que este mércores falecese no estaleiro de Armón un traballador cando aínda non facía un ano que en Cardama perdera a vida outro traballador.

Dende UGT FICA Vigo denúnciase que detrás disto están as condicións laborais e a falta de compromiso por parte da Xunta e a Inspección que desoan as denuncias que se fan neste senso.

Este sector padece precarización, subcontratación, ritmos de traballo elevados, falta de políticas e investimentos en materia de prevención e xornadas abusivas. E todo isto está detrás da sinistralidade. E todo isto é denunciado dun xeito reiterado polos representantes dos traballadores pero sen repostar nin por parte da Xunta nin dos empresarios do sector.

Nestes últimos anos estase a comprobar como pretende impoñerse un novo modelo de traballo no sector, que é o sistema

empregado en Armón, e trátase dun modelo subvencionado pola Administración, sen ningún tipo de control sobre as condicións de traballo en materia de seguridade e empeorando as condicións laborais en xeral con medidas como a retirada das máquinas de café e de auga; implantación da xornada partida obrigando as auxiliares a adaptarse ao seu horario, reducindo o seu cadro de persoal e favorendo a subcontratación ata permitir, incluso, segundas a terceiras liñas de subcontratación, o que incide negativamente na coordinación das actividades de prevención.

O naval, como sector de alto risco, ten que apostar por unha industria auxiliar forte con capacidade preventiva.

Ademais, dende UGT FICA Vigo lémbrese que lévase xa moito tempo solicitando a reunión da mesa do na-



val, na que se deben abordar todos estes temas, pero sen resposta por parte da Xunta. Pero, como non se pode agardar a que faleza outro traballador máis, se a Administración galega non convoca en 15 días esta mesa, UGT, xunto con CCOO e CIG, anuncian folga no sector ata que non se resolva o debate sobre o modelo do sector naval da Ría de Vigo.

## HAI QUE AVANZAR CARA UNHA MOBILIDADE SEGURA E SOSTIBLE

**Redacción.-** O sindicato súmase, un ano máis, á campaña, impulsada pola Comisión Europea, que vai dirixida a sensibilizar sobre os beneficios asociados ao uso de modos de transporte máis sostibles.

Segundo a estatística de accidentes de traballo do Ministerio de Traballo e Economía Social, en 2022 rexistráronse 73.522 accidentes laborais de tráfico, dos que 236 foron mortais. Durante a xornada laboral producíronse 22.974 (un 11,4% máis, respecto a 2021), 104 deles mortais (un 4% máis respecto ao ano anterior).

Ademais, 50.548 accidentes laborais de tráfico producíronse no traxecto de casa ao traballo, experimentando un aumento do 13%. Destes accidentes, 132 tiveron resultado mortal, aumentando nun 13,8% respecto a 2021.

As mulleres presentan un maior número de accidentes in itinere que os homes, xa sexan de tráfico ou por outras causas, por exemplo, en 2022 o 53% dos accidentes de traballo in itinere ocorreron entre mulleres. Segundo a secretaria de Saúde Laboral de UGT, Ana

García de la Torre, 'isto pode vir derivado de que as mulleres experimentan unha maior dobre presenza, traballo-fogar, e ademais traballan con maior frecuencia a tempo parcial, polo que necesitan máis dun traballo para chegar a fin de mes, o que implica un maior número de desprazamentos'.

Así mesmo, lembrou que 'o risco de sufrir un accidente laboral de tráfico, xa sexa in itinere ou in misión, debe ser tido en conta á hora de realizar a avaliación de riscos. En función do resultado da devandita avaliación, deberanse aplicar as medidas preventivas necesarias para evitar que cheguen a producirse estes accidentes, por exemplo, o teletraballo, naqueles postos onde sexa posible, é unha boa medida para evitar desprazamentos ademais de contribuir a reducir os impactos medio ambientais'.

Por outra banda, nos traballos que impliquen a condución de vehículos durante a xornada laboral, por exemplo condutores ou repartidores, á parte do risco de sufrir un accidente de tráfico, deberase avaliar a presión de tempo, o control á persoa traballadora

a través de dispositivos GPS ou similares e a carga de traballo, entre outros factores organizacionais. Neste sentido, a secretaria de Saúde Laboral de UGT apuntou que 'unha alta carga de traballo ou os axustados prazos de entrega, poden provocar que estas persoas traballadoras sufran máis accidentes laborais de tráfico'.

A formación e información en materia de seguridade viaria para persoas traballadoras como parte dos plans formativos empresariais en materia de prevención de riscos laborais tórnase esencial dada a alta sinistralidade.

Como medidas complementarias para a redución dos accidentes laborais de tráfico, Ana García de la Torre pediu 'que se negocien cos representantes das persoas traballadoras, plans de mobilidade adecuados'. O diagnóstico da mobilidade na empresa e a análise dos accidentes, tanto in itinere como in misión, son esenciais para acordar e implantar as medidas preventivas adecuadas. Estes plans de mobilidade deberán revisarse periodicamente para adaptalos aos diferentes cambios que puidesen xurdir.

# O CONSELLO DA UE INVITA AOS ESTADOS MEMBROS A RATIFICAR O CONVENIO 190 DA OIT

**A Presidencia española conseguiu desbloquear a situación en torno ao Convenio 190 da OIT, que protexe ás mulleres fronte ao acoso e violencia no lugar de traballo**

**Redacción.-** Algúns Estados membros que non queren ratificar o Convenio opuxéronse ao proxecto de decisión proposto pola Comisión Europea a principios de 2020 e afirmaron que se verían obrigados a ratificalo unha vez que se adoptase a decisión do Consello. Isto creou un punto morto e mesmo aqueles Estados membros que querían ratificar o Convenio afirmaron que non podían seguir adiante porque o Consello non dera luz verde.

A Confederación Europea de Sindicatos (CES, da que UGT é socia fundadora) dirixira varias cartas ás Presidencias do Consello e á Comisión, pedindo que se puxese fin ao estancamento no Consello e avogando porque os Estados membros ratificasen a Convención canto antes.

O Consello, finalmente, adoptou unha decisión revisada. A decisión “convida” (en lugar de “autoriza”) aos Estados membros a ratificar o C190 da OIT, estipulando que as competencias da UE “poderán exercer-se a través da intermediación dos Esta-

dos membros”.

Isto significa que todo Estado membro que desexe ratificar o Convenio é libre de facelo. Con todo, os Estados membros que non queiran ratificalo non teñen que facelo, mesmo se algunhas partes do Convenio afectan as competencias da UE.

Unha vez que a decisión do Consello recibe o consentimento do Parlamento Europeo, os Estados membros xa non poden alegar que non poden ratificala debido a unha falta de “autorización” do Consello.

## Próximos pasos

Seguiremos comprobando a decisión actual do Consello en canto ás súas implicacións legais e calquera cambio no alcance da ratificación para os Estados membros. Tamén estaremos en contacto co



Parlamento Europeo, xa que os eurodeputados deben dar o seu consentimento á decisión do Consello para que entre en vigor.

A vicesecretaria xeral de UGT participará o próximo mes en Viena no Comité de Mulleres da CES nos debates sobre as accións que debemos seguir adoptando as organizacións sindicais, para que este Convenio que protexe ás mulleres fronte ao acoso no lugar de traballo sexa un feito no maior número de Estados membros.

# UNHA LOITA DECIDIDA CONTRA A BRECHA SALARIAL

**Con motivo do Día Internacional da Igualdade Salarial da ONU, que se celebrou o 18 de setembro, UGT, como organización membro da Confederación Sindical Internacional (CSI), celebra unha serie de éxitos de sindicatos de todo o mundo na súa campaña para erradicar a brecha salarial de xénero**

**Redacción.-** O informe da CSI: Acción sindical para promover a igualdade salarial por un traballo de igual valor inclúe estudos de casos de Chile, Islandia, Irlanda, Israel, Xapón, Mauricio, Nova Zelandia, Perú e o Reino Unido, onde os sindicatos recorreron ao diálogo social, ás campañas e á negociación colectiva para conseguir leis, políticas no lugar de traballo e convenios colectivos positivos.

No Día da Igualdade Salarial 2023, o secretario xeral en funcións da CSI, Luc Triangle, interveu no marco dun evento de alto nivel da Coalición Internacional para a Igualdade Salarial (EPIC), onde sinalou que ‘a CSI foi membro da EPIC desde a súa fundación por parte da Asemblea Xeral da ONU en setembro de 2017. Durante todo este tempo lograronse moitas cousas, pero os progresos estanse estancando’.

‘O principal obxectivo é acelerar o ritmo de eliminación da brecha salarial de xénero para lograr a igualdade de remuneración por un traballo de igual valor antes de 2030, unha das metas do Obxectivo de

Desenvolvemento Sostible 8. É, así mesmo, un punto fundamental para o Novo Contrato Social, que reclama salarios xustos, en particular salarios mínimos vitais, empregos de boa calidade e respectuosos co clima, así como igualdade e inclusión para todos’. Por iso, asegurou que ‘non nos limitados a solicitar a creación de 575 millóns de postos de traballo: os empregos deben ser ademais decentes, e é preciso que se formalicen 1.000 millóns de empregos informais, onde as mulleres están sobrerrepresentadas’.

Ademais, afirmou que ‘un gran paso nesta dirección sería investir moito máis nos coidados, como sinala o noso informe: Implantar a economía do coidado: sindicatos en acción en todo o mundo. A OIT calcula que investir na atención infantil universal e nos servizos de coidados de longa duración permitiría xerar 280 millóns de empregos de aquí a 2030, aumentaría a taxa de emprego das mulleres nun 78% e



lograría que o 84% destes empregos fosen formais’.

‘Resulta alentador constatar o labor que tantos sindicatos están a levar a cabo en todo o mundo en favor da igualdade de remuneración por un traballo de igual valor. Xa é hora de que todos os gobernos do mundo fagan o mesmo’, considerou.

En España, a pesar dos avances legais en materia de igualdade retributiva, froito do diálogo social, a brecha salarial aínda se sitúa no 18,4%.